

## **A BASE DECIDE: A AFILIACIÓN DE CCOO RATIFICA EN ASEMBLEA O PREACORDO DO METAL DE PONTEVEDRA**

Tras unha intensa xornada de asembleas e debate nas distintas comarcas, a afiliación e o corpo de delegadas e delegados de CCOO Industria deron o seu apoio maioritario ao texto. Cumprindo co mandato democrático, o sindicato procederá á sinatura do convenio.

Para o noso sindicato de clase, a democracia interna non é un lema baleiro, é a nosa forma de ser e de actuar. Hoxe, tras unha xornada fundamental de asembleas celebradas nas diferentes comarcas da provincia, a afiliación e a representación sindical de CCOO Industria Galicia exerceron de maneira directa e soberana o seu dereito a decidir sobre o futuro do sector.

Durante estes encontros, habilitamos espazos de debate libres, transparentes e participativos. Todas as compañeiras e compañeiros tiveron a total liberdade de tomar a palabra, expor os seus puntos de vista, analizar o momento que atravesamos e debater sobre o preacordo acadado coa patronal o pasado venres tras a presión das folgas.

Tras escoitar a pluralidade de voces que conforman a nosa organización, procedeuse a realizar o recuento conxunto dos votos emitidos nas asembleas comarcais. O resultado foi que a maioría das bases decidiu dicir SI e apoiar o preacordo.

Como organización combativa e democrática, en CCOO Industria debémonos á voz e á vontade da nosa afiliación e das persoas traballadoras. Seguindo este mandato das nosas bases, confirmamos que procederemos a asinar o novo Convenio Colectivo do Metal da provincia de Pontevedra.

Queremos agradecer profundamente a implicación, o compromiso e a madurez de toda a militancia, delegadas e delegados que participastes hoxe nas asembleas, así como nas intensas xornadas de loita e mobilización previas. Demostramos unha vez máis que a forza da clase traballadora reside na unidade, na participación nas rúas e na toma de decisións colectiva.

A loita serve, e a democracia sindical decide. Seguimos!

CCOO Industria Galicia

***Segue a información sobre convenios e noticias da Industria Galega na nosa canle de WhatsApp***



***Arrincamos Dereitos***

[industria.ccoo.es/Galicia](https://industria.ccoo.es/Galicia)

C/ María, 42, 3ª  
planta / 15402  
Ferrol